

**ACORDO ENTRE A XERENCIA E OS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN SINDICAL SOBRE APLICACIÓN DO ACORDO PARA O NOMEAMENTO DO PAS FUNCIONARIO NUN GRUPO OU SUBGRUPO SUPERIOR**

Con data 23 de outubro de 2018 asinouse entre a Reitoría e a Xunta de Persoal ACORDO PARA O NOMEAMENTO PROVISIONAL DO PAS FUNCIONARIO NUN GRUPO OU SUBGRUPO SUPERIOR. Este acordo ten como obxecto principal establecer, como especialidade de sistema de provisión de postos vacantes, o nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo de titulación superior, cando un posto estivese vacante de maneira provisional ou definitiva por non ter sido posible a súa provisión polos procedementos ordinarios.

A execución do concurso de méritos do PAS funcionario convocado por resolución reitoral do 30 de setembro de 2022 (DOG do 13 de outubro) promoverá o cesamento de persoal, que ao abeiro do acordó de 1 de novembro de 2022, adoitado no marco temporal da funcionarización do persoal laboral, ven, transitoriamente, prestando servizos no subgrupo de clasificación superior, en situación extraordinaria de prórroga de comisión de servizos, nomeadamente funcionarios do subgrupo C1, da subescala biblioteca que actualmente están a desempeñar postos reservados ao subgrupo A2 da mesma subescala.

Por resolución de 1 de decembro de 2022, convocouse proceso selectivo de acceso libre e de promoción interna, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos, actualmente en trámite. Xa que logo, a execución do concurso de méritos manterá a necesidade de cubrir as prazas vacantes que se xeren como consecuencia dos cesamentos con causa no traslado.

Considerando a urxente e inaprazable necesidade de cobertura dos postos vacantes entanto no se produza a toma de posesión dos adxudicatarios do proceso selectivo convocado procederase á tramitación da oferta consonte aos procedementos ordinarios de provisión temporal mediante comisión de servizos voluntaria ás persoas que reúnan os requisitos legalmente establecidos para elo.

Malia o anterior, de non ser posible a súa provisión polos procedementos ordinarios, por ausencia de persoal, a Xerencia e o representantes do persoal consideran necesario a aplicación DO ACORDO PARA O NOMEAMENTO PROVISIONAL DO PAS FUNCIONARIO NUN GRUPO OU SUBGRUPO SUPERIOR de tal maneira que *o persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo poderá ocupar un posto de traballo desta, adscrito a un corpo ou escala dun grupo ou subgrupo superior ao que pertenza, e previa designación como funcionario interino do corpo correspondente, mediante o nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior, cando o posto estea vacante de maneira temporal ou definitiva por non ter sido posible a súa provisión polos procedementos ordinarios.*

---

En consecuencia e en virtude do disposto nos puntos anteriores,

### **ACÓRDASE**

Primeiro.- Aplicar con carácter excepcional, ata a resolución do proceso selectivo convocado por resolución de 1 de decembro de 2022 para o ingreso polo sistema de concurso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos, o ACORDO PARA O NOMEAMENTO PROVISIONAL DO PAS FUNCIONARIO NUN GRUPO OU SUBGRUPO SUPERIOR a aquelas persoas que sexan titulares de postos pertencentes ao subgrupo de titulación C1 da escala Técnica Especialista de Biblioteca (TEB).-Subescala Biblioteca para a provisión dos postos pertencentes ao subgrupo A2 que quedan vacantes como consecuencia da resolución do concurso de méritos, sempre que non poidan ser cubertos previamente polos procedementos ordinarios e sempre que as devandiras persoas propostas para a súa provisión cumpran os requisitos xerais e específicos indicados no acordo.

Segundo.- Ámbalas dúas partes comprométense a promover os procesos de selección que correspondan para a elaboración de novas listas de agarda para a escala de axudantes de bibliotecas, arquivos e museos unha vez que rematen os procesos de estabilización actualmente en trámite de resolución.

A Xerente

Yolanda T. Lesmes Romero

(documento asinado dixitalmente)

O Presidente da Comisión Permanente  
de Negociación do PAS

Xan Cebro Rodríguez

(documento asinado dixitalmente)

---